

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

LICITACIÓN EXPTE. 16962-333 "OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL"

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Servizo Deportes. Nº expediente 16.962-333.
2. **Obxecto do contrato:** a execución das obras do proxecto "Obras de reforma de vestiarios e instalacións do campo de fútbol de Carballal". Lugar de execución: Vigo. Prazo de execución: 4 meses. Prórroga: Non procede.
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Orzamento base:** 342.720,00 euros IVE a soportar pola administración: 71.971,20 euros.- Orzamento total: 414.691,20 euros.
5. **Garantías esixidas.** a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: si (5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración).
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206. Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou estar en posesión da seguinte clasificación: grupo C (Edificacións), subgrupo 2 (Estruturas de fábrica e formigón), categoría 3 b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato. ou estar en posesión da seguinte clasificación: grupo C (Edificacións), subgrupo 2 (Estruturas de fábrica e formigón), categoría 3.

8. **Presentación de ofertas:** Prazo: rematará ós 26 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG. Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo. Admisión de melloras: non. Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.
9. **Apertura ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio. Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.
10. **Outras informacións:**
Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 2 de marzo de 2018.

O concelleiro delegado de Contratación
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)
David Regades Fernández

